SESIÓN EXTRAORDINARIA DA COMISIÓN DE GOBERNO
11/XUÑO/2003

ORDE DO DÍA

ÚNICO.- APROBACIÓN ACTA SESIÓN ANTERIOR

Na Casa do Concello de Redondela, sendo as vinte horas e vinte minutos do día **once de xuño do ano dous mil tres**, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, XAIME REI BARREIRO, e a asistencia dos/as Sres/as Concelleiros/as : D. MANUEL JAVIER NUÑEZ SALGADO, D. EMILIO GONZÁLEZ IGLESIAS, D. CARLOS GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, D. MANUEL IGLESIAS CARRERA, Dª. Mª. DEL CARMEN RODRÍGUE CUNHA, D. JOSÉ GARCÍA MÍGUEZ e Dª. MÓNICA CARREIRA COUAGO, actuando como Secretaria a Secretaria do Concello Dª. Ana Isabel del Cerro del Río, constitúese á Comisión de Goberno, en sesión **extraordinaria**, correspondente ó día da data, conforme á convocatoria e de acordo coa Orde do Día remitida a todos os seus membros.

Pola Presidencia declara aberta a sesión en primeira convocatoria, procedéndose a tratar o punto da orde do día.

ÚNICO.- APROBACIÓN ACTA SESIÓN ANTERIOR

Apróbase por unanimidade de todos os seus membros presentes o borrador da acta da sesión celebrada con carácter ordinario o día 19 de maio de 2003.

E, non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia dase por rematada a presente sesión, sendo as vinte horas e ventedous minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que se extende a presente acta, que se inscribiu no Libro na volta do folio cento vinteoito do Papel Timbrado da Comunidade Autónoma de Galicia, Serie A nº 1176651, de todo o que como Secretaria dou fe.

O Alcalde

A Secretaria

Asdo: Xaime Rei Barreiro

Asdo: Ana Isabel del Cerro del Rio

(Selo da Corporación) (Sinatura do Presidente) Folio N.º 129

Serie A N.º 1176652

PEL NUMERADO ORPORACIÓNS LOCAIS

ACTA DA SESIÓN CONSTITUTIVA DA COMISIÓN DE GOBERNO

En Redondela, a **trinta de xuño de dous mil tres**, sendo ás catorce horas, reúnense na Casa do Concello baixo a Presidencia do Sr . Alcalde os concelleiros da Comisión de Goberno: D. Eduardo José Reguera Ocampo, D: Emilio González Iglesias, D.ª Laura Lago Aller, D. Mónica Carreira Couñago, D.ª Carmen Rodríguez Cunha, D. Carlos González Fernández, D. Manuel Iglesias Carrera, actuando como Secretaria a titular da Corporación Dª. Ana Isabel del Cerro del Río, que da fé do acto.

O obxecto da sesión é proceder á constitución da Comisión de Goberno conforme ó disposto no art. 112.1 do ROF.

Aberta a sesión pola Presidencia e comprobada pola Secretaria a existencia de quórum de asistencia necesario para que poida quedar validamente constituída, o Sr. Alcalde dispon que pola Secretaria sexan lidos os preceptos legais de aplicación, procedendose á lectura dos artigos 20.1.b) e 23 da LBRL e 52, 53, 112 e 113 do ROF.

Concluída a lectura dos preceptos legais citados así como do Decreto da Alcaldía de designación dos membros desta Comisión de data 20 de xuño de 2003, o Alcalde declara constituída a Comisión de Goberno que queda formalmente integrada polo propio Alcalde que a preside e os concelleiros Sres: Regurera Ocampo, González Iglesias, Lago Aller, Carreira Couñago, Rodríguez Cunha, González Fernández, e Iglesias Carrera.

Seguidamente os membros da Comisión, de conformidade co artigo 43 do ROM, acordan:

PRIMEIRO.- FIXAR, o seguinte réxime de sesións: Ordinarias o primerio e terceiro luns de cada mes ás catorce horas, e extraordinarias e urxentes cando con tal carácter sexan convocadas pola Alcaldía.

SEGUNDO: Darse por enterados das atribucións delegadas polo Alcalde en virtude do decreto de data 20 de xuño de 2003 ó que a Secretaria dá lectura.

Cumprimentada a finalidade da convocatoria o Sr. Alcalde levanta a sesión sendo as catore horas e quince minutos e para constancia do tratado e dos acordos adoptados, extendo a presente acta, que se inscribiu no Libro no folio vintenove do Papel Timbrado da Comunidade Autónoma de Galicia, Serie A nº 1176652, do o que como Secretaria do presente acto dou fe.

O Alcalde A Secretaria

Asdo: Xaime Rei Barreiro Asdo: Ana Isabel del Cerro del Río

DILIXENCIA

Para facer constar que o presente **Libro de Actas da Comisión de Goberno,** péchase coa transcrición da sesión constitutiva da Comisión de Goberno celebrada o día **30 de xuño de 2003,** renatabdi a mesma no folio cento vintenove, que son os que compoñen o presente Libro, dendo o folio Nº001 do Papel Timbrado da Comunidade Autónoma de Galicia, Serie A nº 1176524 ó folio Nº 129, Serie A nº 1176652.

Redondela, a 30 de xuño de 2003
A Secretaria

Asdo: Ana Isabel del Cerro del Río

CONCELLO DE REDONDELA

Nº páx.

Rfa: ARQUIVO/AGP

Arquivo
Concello de Redondela

Testemuña de Transferencia e Arquivo

Deixamos constancia, mediante este escrito, de que a Documentación aquí custodiada, consistente no ***Libro de Comisión de Gobierno de 2002, 2003*** foi transferido dende o Departamento de Secretaría a través da funcionaria Dona Ana Begoña Merino Gil o 10/09/2014

Trátase dun Libro de Actas numerado dende a páxina Serie A nº 1176524 ata a Serie A nº 1176652 A ausencia ou sobrepresencia de documentación administrativa dentro do expediente administrativo antes citado, non será competencia do Departamento de Arquivo, nin da funcionaria encargada do seu funcionamento.

Foi introducido, a data de hoxe, na Base de Datos do Arquivo municipal, ubicándoo e descibríndoo dentro da seguinte Unidade de Instalación do seguinte xeito:

U/I
7.855/4

Libro Actas de Comisión de Gobierno de Año 2002, 2003.

De 21 de Enero de 2002 (21/01/2002) a 11 de Junio de 2003 (11/06/2003)

E para que así conste emito e asino, a data de hoxe, a seguinte Testemuña de Transferencia e Arquivo.

Redondela, Martes 16 de Setembro do 2014

Ana Gesteira Ponce
Auxiliar de Arquivo

CONCELLO DE REDONDELA

A

COMISIONS

GOBERNO

2003

2003

ARQUIVO
CONCELLO DE REDONDELA
U.I. / Nº Expte:
7.855/4